



# REGULAMENTO

## IX RUTA BTT “OS DO MONTE BRAVO” 2025 (RUTA NON COMPETITIVA E NON FEDERADA)

1. O Club Ciclista “Os Do Monte Bravo” en colaboración co Concello de Teo, organiza a X RUTA BTT “OS DO MONTE BRAVO” 2025, polos montes de TEO e arredores, o domingo 26 de Xaneiro de 2025.
2. O percorrido da RUTA BTT constará de 40 km aproximadamente de dificultade técnica e física media. Contará cun punto de corte situado no **km 20** aproximadamente, e polo tanto, todos aqueles participantes que non pasen antes das **11.00 horas**, serán desviados en dirección ao **Pavillón Deportivo Municipal de Calo**, debido a que, tanto a Protección Civil, como a Policía Local teñen uns horarios fixados de colaboración.
3. A proba é de carácter non competitiva e non federada, pero existirá un control de tempos mediante CHIP para cada participante. A saída terá lugar ás 9:30 horas do **Pavillón Deportivo Municipal de Calo**.
4. Poderán participar na ruta BTT, todas as persoas que realizaran axeitadamente o proceso de inscrición na páxina WEB de GALITIMING .A inscrición ten un custe de 15€ (tanto para federados como para non federados) A Proba está limitada a 400 participantes.
5. O prazo de inscrición finalizará o Luns 19 de Xaneiro ás 23:59 horas.
  - 5.1. A inscrición dará dereito a participación na proba, e incluirá os avituallamentos (bebida, froita, bolería, etc.), dorsal personalizado da proba, servizo de lavado de bicicletas, duchas, servizo de ambulancia, seguro R.C. e de accidentes e un pincho ao rematala proba.
  - 5.2. Só serán considerados participantes, aqueles que realizarán a inscrición correctamente e leven o dorsal visible en todo momento.
  - 5.3. O devandito dorsal será facilitado pola organización. Os menores de idade deberán traer una declaración xurada firmada por parte do pai, nai ou titor que poderán descargar dende a páxina WEB de **Galitiming**.
6. A concentración e entrega de dorsais terá lugar a partir das 8:00 horas, do domingo 26 de Xaneiro de 2024 no do Pavillón Deportivo Municipal de Calo. A saída efectuarase ás 9:30 horas. A recollida de dorsais farase de xeito individual, podendo esixir por parte da organización identificación persoal.



7. O emprego do casco é obligatorio, e non levalo implica a retirada do dorsal e da ruta. A organización non se fai responsable dos accidentes, nos que puidera ser causa, a neglixencia dos participantes, así como os danos que estes puideran ocasionar durante a realización da marcha, nin danos sufridos nos seus obxectos persoais.
8. O percorrido da proba transcorre na súa maior parte por camiños rurais e forestais do Concello de Teo, existindo cruces con tramos de estradas, que se atopan abertos ao tráfico para outros usuarios polo que se deberá extremar a precaución por parte dos participantes, respectando as normas de circulación contidas na Lei de Seguridade Víaria e no Regulamento Xeral de Circulación.
  - 8.1. O percorrido da proba discorre por paraxes naturais de gran beleza polo que non debemos ensucialos nin deterioralos, arroxando desperdicios fora das áreas de control.
9. Todos os participantes deben respectar o entorno por onde transcorre a proba, quedando terminantemente prohibido tirar o lixo en todo o percorrido a excepción dos contenedores situados nos puntos de avituallamento e de inicio e final de ruta.
10. En todo momento respectaranse e acataranse as ordes e directrices da organización, non sobre pasando en ningún momento o vehículo que abre a mesma, o cal será obxecto de descalificación inmediata.
11. A Organización contará con servizo de ambulancia a disposición dos participantes, ao igual que dun Seguro de Responsabilidade Civil e de Accidentes (limitado), non facéndose responsable de ningún accidente nin gastos fora desta cobertura, debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos do BTT.
12. A Organización resérvase o dereito a modificar a presente normativa, así como a modificación do percorrido, quilometraxe e data da proba.
13. O feito de inscribirse na proba, supón a aceptación total do presente regulamento.
14. Unha vez realizado o proceso de inscrición non se reintegrará baixo ningún concepto a cota de inscrición.
15. Non existirá balizase na proba, so estarán sinalizados os cruzamentos máis perigosos.

